



Secretaría / Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE CATORCE DE AGOSTO DE 2017. EXPTE. 4660/2017.

CONVOCADOS /// ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA.

D. JESUS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL

D. JESUS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

D^a. LARA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA

SECRETARIO ACCIDENTAL:

D. JOSÉ VIVERO RUSSO

INTERVENTOR POR DELEGACIÓN:

D. SERGIO AGUADO DELICADO

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 14 de agosto de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a do Secretario Accidental, D. José Vivero Russo, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia os concelleiros Dona María Isabel Rodríguez López e Don Emilio Villarrea Méndez.

Á hora sinalada para este acto pola Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN LEVADA A CABO O DÍA 07-08-17.

Non existindo ningunha obxección ó respecto, procédese á aprobación da acta da sesión do día 7 de agosto de 2017.

2.- PROPOSTAS DE GASTOS.

Vistas as propostas de gasto presentadas polos Concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, cos números de expedientes: EXPTE. 4017/2017.- EXPTE. 4143/2017.- EXPTE. 4147/2017.- EXPTE. 4149/2017.-

EXPTE. 4151/2017.- EXPTE. 4152/2017.- EXPTE. 4154/2017.-

EXPTE. 4157/2017.- EXPTE. 4158/017.- EXPTE. 4159/2017.-

EXPTE. 4203/2017.- EXPTE. 4240/2017.- EXPTE. 4241/2017.-

EXPTE. 4301/2017.- EXPTE. 4386/2017.- EXPTE. 4452/2017.-

EXPTE. 4453/2017.- EXPTE. 4454/2017.- EXPTE.4467/2017.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención e ós concelleiros proponentes das propostas de gasto aprobadas.

3.- ENTRONCAMENTOS.

EXPTE. 4705/2017.- AUTORIZACIÓN DE ENTRONCAMENTO Á REDE DE SUMIDORIOS.

Vista a solicitude de D. Eduardo Cora Insua, co N.º de Expte. 27/17, e con domicilio a efectos de notificación en Pallaregas, n.º 39, en Viveiro, para realizar o entroncamento á rede de sumidoiros, para a vivenda con referencia catastral 001704100PJ13E, sita en Pallaregas, n.º 39, en Viveiro, para o tipo de obra: vivenda.

Resultando que no informe emitido pola empresa concesionaria deste servizo se recollen os seguintes aspectos:

Rede xeral do posible entroncamento	PVC 315
Diámetro da acometida	PVC □ 160
Lonxitude da acometida	6 m,
Terreo	
Observacións	Ten que romper asfalto

Tendo en conta que segundo o referido en dito informe é preciso a realización de obras para levar a cabo a acometida, polo que a autorización para dito entronque non pode concederse sen que o interesado teña presentada a comunicación previa ou concedida a oportuna licenza urbanística para a realización das obras precisas para realizar o entronque.

Resultando que consta no expediente a presentación de comunicación previa para a realización de ditas obras, contando co visto e praxe do arquitecto municipal. Establécese polo arquitecto municipal unha fianza de 300,00 euros en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:



Secretaría / Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Primeiro.- Autorizar o entroncamento á rede de sumidoiros solicitada por D. Eduardo Cora Insua, debendo aboar as taxas municipais correspondentes no Banco Sabadel, no número de conta: ES51. 0081. 2146. 98. 0001000001, por un importe de 14,68 euros, segundo o art. 5.1 da Ordenanza, e depositar unha fianza para responder da reposición do firme afectado, por un importe de 300,00 euros.

Segundo.- Notificar este acordo ó interesado e á empresa Viaqua, S.A.U.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos de notificación ao Departamento de Tesourería e ós interesados.

4.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

EXPTE. 2259/2017.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO.

Visto o expediente para contratación denominada "*Servizo de actualización e mantemento catastral do Concello de Viveiro/Período 2017/2019*" (Expte. CT 5/2017).

Visto que na Xunta de Goberno Local, en sesión de 22 de maio de 2017, aprobouse o referido expediente, a tramitar por procedemento negociado sen publicidade, coa aprobación do gasto e dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, acordando invitar ás seguintes empresas para que participaran no procedemento: *Ibercat Ingeniería S.L.; Deplat S.L.; Serteca Ingeniería S.L. e Mecaplac S.L.*

Visto que solicitadas as ofertas, no prazo para a presentación de proposicións, foron rexistradas as seguintes:

Empresas presentadas	Rexistro de entrada
Ibercat Ingeniería	3259, de 01.06.2017
Deplat S.L.	3270, de 01.06.2017

Visto que na Mesa de Contratación municipal, en sesión de 6 de xuño de 2017, revisouse a documentación contida nos sobres núms. 1 das proposicións (documentación administrativa) estimándose correcta polos integrantes da Mesa, tal e como consta na acta da referida sesión.

Secretaría / Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Visto que na Mesa de Contratación, en sesión de 5 de xullo de 2017, procedeuse á apertura dos sobres núms. 2, para control da documentación técnica, anuncio das ofertas económicas presentadas e posterior acto de negociación, así como dos restantes trámites que constan na acta de referida sesión, propoñendo como adxudicataria do contrato á empresa “Deplat S.L.”, con base na seguinte valoración contemplada na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas:

IBERCAT	DEPLAT
47.46	50

Visto que a Xunta de Goberno Local, de 10 de xullo de 2017, acordou requirir á empresa proposta para a adxudicación do contrato os documentos previos á formalización da adxudicación, contemplados na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares. Resultando que no expediente, así como no informe emitido polo Servizo de Contratación municipal para a adxudicación do contrato, consta que a empresa “Deplat S.,L.” presentou a documentación requirida.

Visto o informe de Secretaría, coas observacións recollidas no mesmo, coa conformidade de Intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar o contrato denominado “*Servizo de actualización e mantemento catastral do Concello de Viveiro / Periodo 2017-2019*” á empresa “Deplat S.L.”, con CIF núm. B-36468379, polo prazo de 2 anos, e polos seguintes importes económicos por unidades catastrais tramitadas:

CONCEPTOS		Importe base	21% IVE	Importe total
1	Tramitación de expedientes 902-N, 903-N e 904-N	46,28	9,72	56
2	Unidades urbanas tramitadas con modificación de superficie (colindantes)	0	0	0
3	Unidades urbanas tramitadas como “baixa”	0	0	0
4	Unidades de carácter rústico 903-N	0	0	0

Segundo.- Requiritr á empresa adxudicataria para levar a cabo a formalización do contrato, que deberá quedar asinado no prazo de *quinze días hábiles*, computados a partir do día seguinte á recepción da notificación.

Secretaría / Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Terceiro.- Publicar anuncio da adxudicación no perfil do contratante, así como remitir anuncio referente á formalización do contrato ó Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, así como ó Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión.

5. - ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

EXPTE. 4722/2017.- AXUDA NO FOGAR.

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D^a. Rocio Calles Ramirez, con domicilio na rúa Santiago, n.º 2-Bj esqda, Celeiro, en Viveiro.

Visto o informe da Traballadora Social no que se propón conceder a dita axuda ó solicitante, de acordo cos seguintes datos:

Contidos prestacionais:	Atención de carácter doméstico.
Capacidade económica da persoa usuaria:	> 250 % IPREM
Aportación económica:	60%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	40%
Duración do servizo:	4 horas á semana
Revisión do mesmo:	Pendente concesión PIA dependencia.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Paso a lista de agarda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.-Conceder a D^a. Rocio Calles Ramirez o servizo de axuda no fogar solicitado, de acordo co previsto no informe da Traballadora Social, pasando á lista de agarda.



Secretaría / Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais ós efectos oportunos e de traslado á interesada.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Neste apartado non se produce intervención algunha.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as catorce horas do día 14 de agosto de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, Secretario, accidental dou fe.